

Sinopse

En Maridos e Mulleres as personaxes son como calquera dos nosos veciños: pais e nais novos con fillos pequenos e exceso de traballo, avoas de rapaces adolescentes en plena efervescencia, matrimonios ben levados e outros non tanto.... solteiros, solteiras, e ata unha divorciada que racha con todo. Ó fin, familias de todo normais... pero nada é o que aparenta.



Os Louro, semellan ser a familia
perfecta



Unha sogra moi especial



Dous nenos adorables



Dúas irmás moi unidas



À festa de aniversario de Tomás e Raquel chegará un invitado inesperado.



Victoria, unha nova veciña

Ficha artística

Raquel: Camila Bertone

Gloria: Dorotea Bárcena

Ana: Maxo Barjas

Victoria: Laura Ponte

Susana: Mónica Camaño

Mónica: Cristina Pascual

Carlos: Pedro Alonso

Román: Fernando Acebal

Ricardo: Julio Pereira

Delia: Covadonga Berdiñas

David: Martiño Rivas

Ceci: Sara Casanovas

Alex: Brais Abad

Xoel: Darío Loureiro

Breixo: Rodrigo Flieller

Ismael: Rubén Castro

Tomás: Dami Contreras

Ficha técnica

Producción Executiva: **Zaza Ceballos**

Coprodutor: **Pancho Casal**

Director: **Jordi Frades e Gerardo Rodríguez**

Guión: **Carlos Portela, Victoriano Sierra, José Rubio**

Edición de guión: **Zaza Ceballos**

Dirección Artística: **Carlos de Dorremocha**

Dirección de Producción: **Sara Gonzalo**

Iluminación: **Jacobo Martínez**

Montaxe:: **Sandra Sánchez**

Os actores e os seus personaxes

Raquel é Camila Bertone



Camila Bertone, naceu na Arxentina, estudou interpretación con Luis Romero e Carlos Gandolfo. Ten ampla experiencia tanto en teatro, cine e televisión, participou en series como: *Campeones*, *Primicias*, *Gasoleros* todas elas en Arxentina. En España participou durante o ano 2004 na obra de teatro *Locos de Contentos* e en series como *El Comisario* e *Los Serrano*.

Raquel é arxentina. Deixou o seu país de orixe cando coñeceu a Tomás, durante unhas vacacións. Ama de casa, a súa principal preocupación é que a paz reine na súa familia. Para logralo, fai todo o posible por entenderse con Gloria, a súa sogra. Raquel ten bo carácter; é nobre e boa amiga. Extremadamente educada; sempre conciliadora e comprensiva cos problemas e defectos de quen a rodean. Só hai dúas persoas



Raquel

capaces de sacala de quicio: Ceci, a súa filla adolescente, e o seu ex marido, un canalla que a deixou tirada e sen un can.


Gloria é Dorotea Bárcena



Dorotea Bárcena

Dorotea Bárcena ten unha amplísima experiencia en teatro, como actriz, directora e dramaturga. Traballou co Centro Dramático Nacional e o CDG. En Televisión participou en series como *Nada es para siempre*, *Pepe y Pepa* ou *Menudo es mi padre* e actualmente no *Show dos Tonechos*. En cine destacan recentemente as súas interpretacións en *El Pianista* de Mario Gas e *Ilegal* de Ignacio Vilar

Gloria é conservadora ata a punta dos pés, relixiosa das de antes. Goberna totalmente a casa do seu fillo. En aparencia, sempre lle pide a opinión á nora, pero mediante a chantaxe psicolóxica e a manipulación logra sempre que as cousas vaian tal como ela ideara nun principio. Gloria é unha señora. Orgullosa e elitista, odia a vulgaridade. Os seus comentarios poden ser demoledores. Eso si, nunca perde o seu sorriso.



Tomás é Dami Contreras



Dami Contreras

Dami Contreras estudou interpretación no Institut del Teatre de Barcelona. Traballou na Compañía de Teatro Estable de Barcelona, dirixida por Esteve Polls. En 1993, crea a súa propia compañía coa que realiza numerosas montaxes. Ademais fixo dobraxe e tivo participación en series e películas como *La huella del crimen*, *Página de sucesos*, ambas para TVE e en Galicia, *Pratos Combinados* ou *Pequeno Hotel*.

Tomás é o marido perfecto, un home de familia e empresario de éxito. Elegante e educado. Quen o coñece coincide en que resulta encantador. Pero Tomás, como pronto saberán quen o rodea, non se define pola súa aparencia, senón polos seus segredos.



Tomás


Ceci é Sara Casasnovas



Sara Casasnovas

Sara Casasnovas naceu en Ourense no ano 1984, estudou danza clásica e participou en grupos de teatro afeccionado. Despois de estudar na escola de Casa Hamlet de A Coruña comezou a súa carreira profesional na serie de TVG *A miña sogra e máis eu*.

Ceci, é unha beleza que tolea ós homes que a rodean, sabe sacarlle partido a ese atractivo. Ten personalidade gatuna, e gústalle xogar coas persoas, especialmente se pertencen ó xénero masculino. Ós rapaces manéxaos ó seu antollo. Manipuladora e egoísta, pode chegar a ser esaxeradamente cruel. Gasta cartos a mans cheas, sobre todo en roupa. Alédase de que Raquel casara cun home rico coma Tomás. De feito, lévase moi ben con el, tal vez por que o home cumpre todos os seus caprichos.



Ceci


David é Martiño Rivas



Martiño Rivas

Martiño Rivas naceu en 1985 en A Coruña, comezou a súa carreira como actor sendo un neno na serie de TVG *Mareas Vivas*. Actualmente ademais de seguir a súa formación como actor na escola Espacio Aberto, estudia Comunicación Audiovisual na Universidade de Santiago.

David é o fillo de Tomás e Victoria. Guapo, deportista, educado; popular entre os seus compañeiros de clase. As mozas tolean por el. Álex e Ceci son os seus mellores amigos. Pero eso non significa que o saiban todo acerca da súa vida. David non é tímido, ó contrario, pero sí moi reservado. Pode ser moi egoísta e manipulador segundo as ocasións. É perspicaz e moi listo. Mantén unha boa relación



David

co seu pai e con Raquel, a súa madrastra. A maior parte dos roces temos con Gloria, debido sobre todo ó talante controlador da muller. A perda da nai marcou a súa vida. Leva anos escoitándolle a Gloria que Victoria o abandonou. Agora, tras o seu regreso, débátese entre a carraxe e o amor filial.

Victoria é Laura Ponte



Laura Ponte

Laura Ponte, actriz e dobradora, traballou especialmente en televisión en series como *Un mundo de Historias*, *Fíos*, *Rías Baixas* e máis recentemente *Cuarto sen ascensor*. En cine traballou en películas como *Urxa*, *Martes de Carnaval* ou *A noiva de medianoite*.

Victoria é unha muller vital e alegre. O seu principal defecto é a súa torpeza natural, cada actividade que comeza tende irremediablente a acabar en desastre. Esta “mala pata” foi algo que a súa exsogra, Gloria xamais aturou. É unha romántica. Moi namoradiza, cando lle gusta un home, esfórzase en disimulalo, pero os nervios acaban perdéndoa e tende a rematar quedando en ridículo.



Victoria

Ricardo é Julio Pereira



Julio Pereira

Julio Pereira naceu en Venezuela. Traballou en innumerables telenovelas, algunha tan famosa como *Abigail*, *Señora*, *Las dos Dianas*, *La Traidora* ou *Pedacito de Cielo*. En España participou na serie *Arrayán* de Canal Sur e en *Libro de familia* de TVG.

Ricardo é atractivo e atlético. Divertido e irónico, sempre disposto a escoita-los problemas dos demais. A tatuaxe que leva no brazo, e que agocha fronte ós seus veciños, é un indicio do seu pasado militar en sudamérica. Ricardo é forte, sabe pelexar e resulta un verdadeiro experto. É moi celoso da súa intimidade.



Ricardo

Ana é Maxo Barjas



Maxo Barjas


Maxo Barjas, actriz, dobradora, cantante e presentadora. Entre os seus traballos para a pequena pantalla destacan *Rías Baixas*, *Galicia Express*, así como a presentación do programa *Pista de Baile*. En teatro traballou en innumerables ocasións co CDG, a última vez no Ricardo III. En cine fixo un importante papel en *O Lapis do Carpinteiro* de Antón Reixa.

Ana é elegante e fermosa. Foi modelo de xoiería na súa xuventude, e adora as alfaias. Tal vez por eso casou cun home rico, que non tiña inconveniente en cubrila de pendentes, colgantes, aneis... Como ama de casa, resulta extraordinaria: o seu fogar semella quitado dunha revista de decoración. É boa persoa, aínda que reconece que sería incapaz de vivir sen unha posición económica desafogada. Nese sentido, nunca mira os prezos. Gasta sen parar a pensar de onde saen os cartos, unha cuestión que deixa para Román.



Ana

Román é Fernando Acebal




Fernando Acebal comezou como actor de dobraxe no 1990, sector ó que segue vencellado, así mesmo foi actor radiofónico en varias emisoras nacionais e na Radio Galega desenvolveu o serial *Os Ventura*. Na televisión traballou como presentador: *O rei da Comedia* e actor: *Rías Baixas*, de TVG ou *Historias de Hoy* para Tele5.

Román está a sufrir a crise da mediana idade xusto no peor momento da súa carreira profesional. As súas empresas, todas vinculadas ó mundo da construción, están pasando por unha mala época; os cartos escasean, os acredores son cada vez máis numerosos, e por riba cada día ten máis canas. Fai dez anos, Román era un triunfador. Agora é só un marido de clase media, con panza incipiente e lixeiros problemas de estómago, que xoga ó golf nas fins de semana e que debece porque a súa muller lle permita colarse na súa cama polo menos unha vez ó mes.




Román

Alex é Brais Abad



Brais Abad estudou interpretación con Raquel Pérez e Natalie Pinot. Fixo publicidade, curtametraxes e algún pequeno personaxe en series de televisión como *Cuarto sen ascensor* ou na película *Deport- Galatasaray*.

Alex é guapo, divertido, moi dinámico. O malote da clase, que, para regocijo dos seus compañeiros, sempre está a facer o pallaso nas aulas. A música e o monopatín son as súas afeccións. Aínda que o seu verdadeiro pasatempo, o que de verdade lle quita o sono, é o sexo. Encántanlle as mulleres e sempre está a pensar nelas. Para el, Ceci é a rapaza perfecta. Entre eles hai un continuo flirteo, aínda que polo de agora non se materializou en nada máis.



En canto ó ambiente familiar, Álex cre que os seus pais están un pouco pasados de voltas, pero procura manterse á marxe dos seus problemas.

Susana é Mónica Camaño



Mónica Camaño

Mónica Camaño, o seus últimos traballos en televisión foron a serie *Cuarto sen Ascensor*, e a segunda parte de *Un mundo de Historias*, aínda sen estrear. Pero tamén participou en *As leis de Celavella* e *Galicia Expres*, todas para a TVG.

Unha muller que triunfa no seu traballo, encargada dunha importante cadea comercial. Susana é dinámica, intelixente, autoritaria e eficiente. Muller nun mundo de homes, vese obrigada a poñelo todo para competir e estar á altura. Constantemente colgada do teléfono móbil, pasa o día dando ordes. Cando casou, as amigas advertíronlle que era imposible compaxinar o matrimonio coa dedicación que ela lle presta ó traballo; pero trabucáronse. Ela e Carlos lograron organizarse perfectamente, e non houbo problemas ata que viñeron os fillos. Ese foi o momento en que Susana comezou perder o control. Susana é unha esposa fiel e cariñosa, unha amiga xenerosa e unha boa irmá. Pero ten un forte sentimento de culpa por non ser ela quen leve o mando da casa.



Susana

Mónica é Cristina Pascual



Cristina Pascual comezou a súa andaina profesional a mediados da década dos noventa, e desde entón ten traballado ininterrompidamente en diversas curtametraxes e numerosas teleseries tanto a nivel autonómico como a nivel estatal. É sobre todo unha intérprete televisiva, actuando para a TVG, Telecinco, Antena 3 e Canal+. Ademais de experiencia en publicidade, ten participado en telefilmes.

Mónica é moderna e un tanto infantil, cun físico moi coidado, a base dunha alimentación sa e de exercicio diario. Por riba, usa roupa moi xuvenil, que saca partido á súa figura. Mónica é a ama de casa perfecta. Ordenada e traballadora, leva a intendencia do fogar de Susana; organizándolle a casa e ocupándose dos nenos. Non é raro que algunhas persoas se trabuquen e pensen que Mónica é



a muller de Carlos e a nai de Breixo e de Xoel. Pola súa aparencia e pola forma de falar, un pensaría que Mónica é unha mosquiña morta; pero en realidade trátase dunha muller moi astuta.


Carlos é Pedro Alonso



Pedro Alonso

Pedro Alonso é un actor polifacético que traballou en numerosas películas como *Alma Gitana*, e *Insomnio* de Chus Gutiérrez ou *Niño nadie* de José Luis Borau. Series de televisión como *Código Fuego* para Antena 3 *Pequeno Hotel* e *Rías Baixas* para TVG. Recentemente participou na tv movie *Música Secreta*, coproducción catalana con Alemaña.

Carlos é avogado, de boa presenza, moi viril. Ten éxito coas mulleres, aínda que el non lles presta demasiada atención. Afeccionado ós traxes caros e fanático dos zapatos. Carlos sempre está pensando no traballo, a principal das súas preocupacións. É socio en algunhas das empresas de Tomás, e ademais é membro do consello directivo do grupo. Respecto ás tarefas do fogar e a educación dos fillos, Carlos ata agora desentendeuse; non está preparado para compartir o traballo coa súa muller. Nembargantes, é un marido cariñoso. Ten sentido do humor e carisma, calidades que namoraron a Susana. No que atinxe ó seu traballo, Carlos nunca fala demasiado. É reservado e moi discreto. Co fin de defender os seus segredos estaría disposto a calquera cousa.



Carlos

Xoel e Breixo son Darío Loureiro e Rodrigo Flieller



Darío Loureiro

Darío Loureiro naceu hai nove anos en Santiago e facía teatro na escola, no Colexio de A Ramallosa.

Rodrigo Flieller, naceu en Uruguai hai dez anos, vai a clases de teatro na escola.



Rodrigo Flieller



Breixo (o maior) e Xoel (o pequeno)

Xoel e **Breixo** son os fillos de Susana e de Carlos. Ruidosos, hiperactivos; sempre ensuciando e rompendo todo ó seu redor. O seu pasatempo favorito é berrar toda a tarde mentres volven tola a Susana. Afortunadamente, Mónica, con máis paciencia para estas cuestións que a súa irmá, sabe como calmalos. Breixo e Xoel compensan o seu mal comportamento coa súa inxenuidade infantil e con actos, totalmente espontáneos, tan encantadores, que chegan a conmoer á familia.

Delia é Covadonga Berdiñas



Covadonga Berdiñas

Covadonga Berdiñas, a súa carreira desenvolveuse case totalmente no campo da dobraxe, aínda que tamén participou en numerosas obras de teatro, especialmente co grupo de Manuel Lourenzo, Casahamlet.

Delia é asistenta en varias casas da urbanización. É moi cotilla e respondona coas mulleres que a contratan. Devece por coñecer as miserias alleas, e se pode quitarlle partido non o dubida. Obedece ordes de mala gana, rosmando sempre polo baixo. É experta en sementar discordia entre aqueles que a rodean. Non lle gusta o seu traballo e aproveita calquera oportunidade para non facelo. Cínica e moi crítica cos demais. Ten sempre unha frase lapidaria coa que machucar ó seu interlocutor. A súa visión sobre



Delia

o que acontece nas casas onde traballa ten sempre un punto crítico. Nembargantes, evita sempre os enfrontamentos directos.

Ismael é Rubén Castro



Rubén Castro estudou interpretación con M^a Luz Villar en Ourense e en Casa Hamlet en A Coruña. Participou en numerosos curtos e obras de teatro así como na serie *Rías Baixas*, no que interpretou un personaxe episódico, pero de importante calado.

Ismael é xardineiro na urbanización. Moi introvertido. Anda sempre ó seu e a penas se relaciona cos veciños. De poucas palabras, o único que lograba manter conversacións con el era Tomás. Se alguén escarvase no seu pasado, decatárase de que está cheo de lagoas e segredos. Baixo a aparencia de home tranquilo, agáchase unha personalidade violenta e perigosa. Non se sabe moi ben como veu parar a *Os Anxos*, pero ninguén fai preguntas. Ismael é moi traballador e eficiente. Pasa horas traballando no galpón onde garda as ferramentas, incluso cando remata a súa xornada laboral.



As localizacións

A localización exterior principal da serie é a Urbanización *El Bosque Animado*, no concello de Ames. Unha fermosa urbanización moi respectuosa no seu estilo constructivo coa paisaxe que a rodea e a tradición de Galicia. Realizada cunha mentalidade moderna, tendente a respectar o entorno.



Os Decorados

Os decorados aproveitan o espacio dispoñible o máximo e permiten a interacción entre os distintos sets, de maneira que os personaxes poden moverse por dentro das “súas casas” sen perder as referencias reais entre os decorados. Así as casas teñen salóns conectados coas cocinas, corredores, dormitorios e cuartos de baño. Ademais todos os decorados dispoñen de cuartas paredes móbiles o que permite eliminar a sensación de escenario, tan habitual noutras series ó poder ensinar a totalidade do decorado.



Plano dos decorados principais



Casa Ricardo



Salón casa Raquel